

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

*ORDE do 2 de agosto de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2024/25 (código de procedemento ED301I).*

O capítulo I do título II, relativo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei. De igual maneira, especifica a igualdade de criterios para a determinación de recursos entre os centros públicos e os centros privados concertados.

De conformidade co Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, que regula a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos, e co Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, garántese unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e asegúrase a calidade educativa para todos, a cohesión social e a igualdade de oportunidades.

Por isto, de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

**Normas xerais**

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto desta orde é establecer os criterios, os requisitos e o procedemento (código ED301I) para a concesión de axudas económicas aos centros privados concertados da



Comunidade Autónoma de Galicia para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nas correspondentes unidades concertadas, naqueles aspectos que non estean xa cubertos polo concerto educativo, ao longo do curso escolar 2024/25.

2. Para os efectos desta convocatoria, entenderase por alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo aquel que requira durante un período da súa escolarización, ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidade motora, sensorial, intelectual ou trastornos graves da conduta, da comunicación e a linguaxe.

#### Artigo 2. *Vixencia*

Esta orde terá vixencia temporal para o curso académico 2024/25, desde o día 1 de setembro de 2024 ata o 30 de xuño de 2025.

#### Artigo 3. *Centros docentes beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas nesta orde os centros docentes privados que teñan concerto educativo vixente coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para as ensinanzas do 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, formación profesional básica e ciclos formativos de grao medio e superior, cuxas titularidades, persoas físicas ou xurídicas, cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño).

Os centros con unidades concertadas de educación especial só poderán optar ás axudas para a finalidade prevista no artigo 4.2 desta orde.

2. Exclúense desta convocatoria os centros concertados específicos de educación especial.

3. Para obter estas axudas, as persoas solicitantes terán que estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Comunidade Autónoma.



**Artigo 4. Finalidade das axudas**

As axudas reguladas nesta orde poderán empregarse, en atención ás necesidades do centro, para os seguintes fins:

1. Por unha contía máxima de 300.000,00 euros (artigo 5.1 e 5.2) para:

a) Contratación de persoal complementario: logopeda, fisioterapeuta, psicólogo/a, pedagogo/a, traballador/a social, educador/a social, terapeuta ocupacional, intérprete de lingua de signos e coidador/a.

b) Reparacións, mantemento e obras ou instalacións menores de contía non superior ao 15 % da axuda.

c) Compra de material específico ordinario non inventariable.

2. Por unha contía máxima de 150.000,00 euros (artigo 5.3 e 5.4) para a compra de material inventariable específico para a atención do alumnado con necesidades de apoio educativo.

**Artigo 5. Orzamento**

A dotación total das axudas a centros privados concertados para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2024/25 ascende a un máximo de 450.000,00 € e tramitarase con cargo ás seguintes partidas orzamentarias:

1. 37.05.422A.482.3, para os niveis de educación infantil, de primaria e de educación secundaria obrigatoria, por unha contía total máxima de 95.845,00 € para o período setembro-décembro do ano 2024 e de 191.689,00 € para o período xaneiro-xuño de 2025.

2. 37.05.422M.482.3, para o nivel de formación profesional, incluída a formación profesional básica, por unha contía total máxima de 4.155,00 € para o período setembro-décembro do ano 2024 e de 8.311,00 € para o período xaneiro-xuño de 2025.

Ambas as dúas partidas irán destinadas ás finalidades a que se refiren as letras a), b) e c) do punto 1 do artigo 4.



3. 37.05.422A.780.0, para os niveis de educación infantil, de primaria e de educación secundaria obrigatoria, por unha contía total máxima de 47.922,00 € para o período setembro-décembro do ano 2024 e de 95.844,00 € para o período xaneiro-xuño de 2025.

4. 37.05.422M.780.0, para o nivel de formación profesional, incluída a formación profesional básica, unha contía total máxima de 2.078,00 € para o período setembro-décembro do ano 2024 e de 4.156,00 € para o período xaneiro-xuño de 2025.

As dotacións dos puntos 3 e 4 destinaranse, exclusivamente, á adquisición de material inventariable específico para a atención de alumnado con necesidades de apoio educativo.

#### Artigo 6. *Concorrenza con outras axudas*

Esta axuda é compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, tendo en conta o disposto nos artigos 11.d) e 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## CAPÍTULO II

### **Procedemento de tramitación, xustificación e pagamento**

#### Artigo 7. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que sexa realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. A solicitude estará asinada pola persoa solicitante ou pola persoa representante do centro educativo.



3. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, requirírase a persoa solicitante para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixer se terá por desistida da súa solicitude, logo de resolución que se ditará nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

5. No caso de presentación doutras axudas para o mesmo proxecto ou actividade, a persoa solicitante indicará na declaración responsable da solicitude (anexo I) o conxunto de todas as presentadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados e a súa contía. No caso contrario, declarará non telas solicitado.

E, en todo caso, a persoa solicitante declarará non estar incurso en ningunha das circunstancias que, de conformidade co artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, impide obter a condición de beneficiaria; e, así mesmo, que asume o compromiso de manter o cumprimento deste requisito durante o período de tempo de xestión e xustificación da subvención.

#### Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa en que consten as necesidades específicas do centro para atender o alumnado que requira apoio educativo.

Esta memoria indicará a finalidade á cal se prevé destinar as axudas: contratación de persoal complementario, reparacións, mantemento, material non inventariable, ou material inventariable. No caso de prever a adquisición de material inventariable, a memoria incluírá unha relación detallada de materiais, finalidades e necesidades que pretenden atender con eles.



b) Certificación en que se detalle o alumnado segundo o tipo de discapacidade a que se refire o punto 2 do artigo 1 desta orde e, se é o caso, o grao recoñecido polo organismo competente.

2. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.



d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.

e) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

f) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude (anexo I) e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás as persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 10. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 11. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade do artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 12. *Publicación dos actos*

Publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución de concesión das axudas.

Así mesmo, será igualmente obxecto de publicación a través da páxina web, portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>, a proposta de resolución provisional.

#### Artigo 13. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.





**Artigo 14. Comunicación á Base de datos nacional de subvencións**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) y 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria e a información requirida pola base.

**Artigo 15. Criterios de valoración**

Para a asignación das contías seguiranse os seguintes criterios:

a) Alumnado matriculado no curso 2024/25 que reúna os requisitos establecidos no artigo 73 da Lei orgánica de educación, debidamente xustificadas. Por cada alumna ou alumno contabilizaranse 8 puntos.

b) Alumnado cos mesmos requisitos da letra a) deste artigo matriculado no curso 2023/24. Por cada alumna ou alumno contabilizaranse 4 puntos.

c) Proporción entre o alumnado total do centro e o que reúna os requisitos desta convocatoria, con exclusión das etapas non concertadas. Calcularase a porcentaxe a que se aplicará a seguinte puntuación:

%	Puntos
Menor ou igual a 0,1	0
Máis do 0,1 e ata o 0,3	4
Máis do 0,3 e ata o 0,5	8
Máis do 0,5 e ata o 1	12
Máis do 1	16

d) Grao de discapacidade do alumnado:

%	Puntos por alumno/a
Ata o 33	8
Máis do 33 e ata o 66	12
Máis do 66	16



**Artigo 16. *Distribución das axudas***

1. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Unha vez sumadas as puntuacións obtidas por cada centro, segundo o artigo anterior, o importe da axuda concedida a cada un será proporcional á puntuación deste con respecto á suma das puntuacións de todos os centros.

3. A distribución das axudas farase por niveis educativos, cos límites establecidos no artigo 5 desta convocatoria, agrupados do seguinte xeito:

- a) Educación infantil, primaria e educación secundaria obrigatoria.
- b) Formación profesional e formación profesional básica.

4. A asignación que recibirá cada centro será como máximo de 15.000,00 €. Os decimais da cantidade asignada redondearanse á unidade.

**Artigo 17. *Comisión de Valoración***

Baixo a presidencia da persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ou daquela en quen delegue, constituirase unha comisión que se encargará de valorar as solicitudes, integrada polas persoas que desempeñen os seguintes postos de traballo:

- a) Subdirección Xeral de Centros.
- b) Servizo de Centros.
- c) Servizo de Apoio Económico e Axudas ao Estudo.
- d) Un funcionario ou funcionaria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto.

As persoas integrantes desta comisión deberán absterse de intervir cando concorran nelas as circunstancias de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



**Artigo 18. Resolución**

1. O órgano instrutor do procedemento é a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

2. A proposta de resolución provisional incluírá a cantidade asignada a cada centro e os centros excluídos indicando a causa, e publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>

Así mesmo, enviarase un aviso da publicación ao correo electrónico dos centros.

3. As persoas interesadas poderán formular as alegacións que consideren oportunas no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no portal e achegar os documentos que se consideren pertinentes. Estas entenderanse estimadas ou desestimadas coa publicación da resolución definitiva.

4. A persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos elevará á persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a proposta de resolución definitiva. Esta indicará a concesión ou denegación motivada das axudas, así como, se é o caso, a exclusión do centro indicando a causa.

5. A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de cinco meses contados desde a publicación desta convocatoria.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

6. Transcorrido o prazo máximo para resolver de forma expresa e publicar, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo negativo, para os efectos de interpoñer fronte o acto presunto o recurso de reposición ou o contencioso-administrativo.

**Artigo 19. Xustificación das axudas**

1. As persoas beneficiarias presentarán obrigatoriamente por vía electrónica o modelo normalizado anexo II (xustificación) desta orde a través da sede electrónica da Xunta de



Galicia, <https://sede.xunta.gal>, de conformidade co artigo 10 desta orde. A documentación dirixirase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, ata o 30 de xuño de 2025.

Os gastos imputados ao anticipo previsto no artigo 20 desta orde, deberán estar realizados antes do 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que se xustifiquen no prazo establecido no parágrafo anterior.

2. No caso de ter outras axudas para o mesmo proxecto ou actividade aprobadas ou concedidas ou pendentes de resolución, indicará na declaración responsable da declaración complementaria (anexo II), a clave do expediente ou ben o concepto subvencionado, e se está concedida a subvención, o importe e a súa procedencia. No caso contrario, declarará non telas solicitado.

E, en todo caso, a persoa declarante reitera a declaración do artigo 7.4 desta orde.

3. Xunto á declaración complementaria (anexo II), e no mesmo prazo a que se refire o punto 1 deste artigo, achegarán a seguinte documentación xustificativa dos gastos realizados:

a) Memoria das actividades realizadas (acorde coa memoria explicativa do artigo 8.1.a) da orde), que relacione directamente estas cos xustificantes de gasto achegados, asinada pola persoa representante do centro.

b) Contratación de persoal complementario:

- Nóminas emitidas entre o 1.9.2024 e o 31.12.2024 e xustificantes do seu pagamento.
- Nóminas emitidas entre o 1.1.2025 e o 30.6.2025 e xustificantes do seu pagamento.

c) Reparación, mantemento e obras ou instalacións menores:

- Facturas emitidas entre o 1.9.2024 e o 31.12.2024 e xustificantes do seu pagamento.
- Facturas emitidas entre o 1.1.2025 e o 30.6.2025 e xustificantes do seu pagamento.



d) Material non inventariable:

- Facturas emitidas entre o 1.9.2024 e o 31.12.2024 e xustificantes do seu pagamento.
- Facturas emitidas entre o 1.1.2025 e o 30.6.2025 e xustificantes do seu pagamento.

e) Material inventariable:

- Facturas emitidas entre o 1.9.2024 e o 31.12.2024 e xustificantes do seu pagamento.
- Facturas emitidas entre o 1.1.2025 e o 30.6.2025 e xustificantes do seu pagamento.

4. Se a xustificación da subvención está incompleta ou é incorrecta, pagarase unicamente a cantidade da axuda concedida que estea xustificada de forma correcta.

#### Artigo 20. *Pagamento das axudas*

1. O pagamento das axudas concedidas farase de conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sobre o procedemento de aprobación do gasto e pagamento das subvencións.

2. O pagamento realizarase do seguinte xeito:

a) Unha vez resolto o expediente farase un anticipo proporcional ao importe da axuda concedida ao centro, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, para financiar as actuacións inherentes á subvención.

O anticipo realizarase de oficio, por resolución motivada, e en ningún caso excederá o 80 % da subvención concedida, nin superará a anualidade prevista para cada exercicio orzamentario (artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

b) En canto ao réxime de garantías en pagamentos anticipados, de acordo co artigo 65.4.f) e i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias non estarán obrigadas a constituír garantía.

c) O resto do importe concedido para o curso 2024/25 librarase logo da completa xustificación do cumprimento das condicións e da finalidade para a cal se concedeu.



**Artigo 21. *Fiscalización e control***

1. As persoas beneficiarias quedarán obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e de control do destino das axudas.

2. Así mesmo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional poderá realizar, en calquera momento ata transcorridos tres anos desde a resolución de concesión das axudas, as comprobacións e avaliacións que considere oportunas sobre as actuacións realizadas e a xustificación.

3. As persoas beneficiarias darán axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades que foron obxecto de subvención.

**Artigo 22. *Perda total ou parcial do dereito ao cobramento da axuda***

1. O dereito ao cobramento da axuda perderase de forma total ou parcial no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De concederlle outra subvención para esta mesma finalidade no prazo de vixencia desta convocatoria, a persoa beneficiaria terá que comunicarllo á Administración, segundo dispón o artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para que, en aplicación do seu artigo 17.3, o importe da subvención se minore co fin de que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, non supere o 100 % do investimento.

3. No caso de que se revogue a axuda, o centro terá que reintegrar as cantidades percibidas e mais os xuros de demora xerados desde o momento do seu pagamento, nos termos que figuran nos artigos 33 a 38 da referida Lei de subvencións de Galicia.

**Disposición derradeira primeira. *Recurso***

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do



Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data, conforme o establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira segunda. *Autorizacións*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptar todos os actos e medidas que sexan necesarios para a execución e desenvolvemento do previsto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2024

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO <b>ED3011</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-[Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviáranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal).

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO**

DENOMINACIÓN DO CENTRO	CÓDIGO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			






**XUNTA DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL**
**ANEXO I  
(continuación)**
**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE CERTIFICA**

Que o número de **alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE) e/ou discapacidade** matriculado neste centro nos distintos niveis de ensino concertados é o seguinte:

	NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO		TOTAL MATRICULADO EN UNIDADES CONCERTADAS (C)	PORCENTAXES	
	INFANTIL, PRIMARIA E ESO (M1)	FP E FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA (M2)		1 (M1/C)x100	2 (M2/C)x100
Alumnado matriculado no curso 2024/25					
Alumnado matriculado no curso 2023/24					
<b>DISCAPACIDADE</b>					
	Ata o 33 %	Máis do 33 % e ata o 66 %	Máis do 66 %		
Alumnado de infantil, primaria e ESO					
Alumnado de FP e formación profesional básica					

**FINALIDADE DA AXUDA SOLICITADA**

- Contratación de persoal complementario ou reparación, mantemento e obras ou material non inventariable (artigo 4.1. a), b) e c)
- Material inventariable (artigo 4.2)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación co proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención:
- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)

2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias que, conforme o artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, impiden obter a condición de persoa beneficiaria e, así mesmo, que asume o compromiso de manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo de xestión e xustificación da subvención.
3. Que son certos todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que achega.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Memoria explicativa en que consten as necesidades específicas do centro para atender o alumnado que requira apoio educativo.
- Certificación que detalle o alumnado segundo o tipo de discapacidade a que se refire o número 2 do artigo primeiro desta orde e, se é o caso, o grao recoñecido polo organismo competente.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

<b>Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.</b>	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>	
DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>	
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>	
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>	
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>	
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>	
<b>A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.</b>		
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non



XUNTA  
DE GALICIACONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONALANEXO I  
(continuación)

## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Secretaría Xeral Técnica.
Finalidades do tratamento	Os datos persoais facilitados neste formulario serán tratados coa finalidade de xestionar as axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá e o exercicio da función educativa e orientadora.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Orde do 2 de agosto de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2024/25 (código de procedemento ED3011).

## SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 

Dirección Xeral de Centros e de Recursos Humanos




**XUSTIFICACIÓN DA AXUDA**

ED3011 - AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO	
DENOMINACIÓN DO CENTRO	CÓDIGO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que, en relación co proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda.  
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias que, consonte o artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, impiden obter a condición de persoa beneficiaria e, así mesmo, que asume o compromiso de manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo de xestión e xustificación da subvención.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**
 Memoria das actividades realizadas (acorde coa memoria explicativa do artigo 8.1.a) da orde), que relacione directamente estas cos xustificantes de gasto achegados, asinada pola persoa representante do centro.

**CONTRATACIÓN DE PERSOAL COMPLEMENTARIO**

- Nóminas emitidas entre o 1.9.2024 e o 31.12.2024 e xustificantes do seu pagamento  
 Nóminas emitidas entre o 1.1.2025 e o 30.6.2025 e xustificantes do seu pagamento

**REPARACIÓN, MANTEMENTO E OBRAS OU INSTALACIÓNS MENORES**

- Facturas emitidas entre o 1.9.2024 e o 31.12.2024 e xustificantes do seu pagamento  
 Facturas emitidas entre o 1.1.2025 e o 30.6.2025 e xustificantes do seu pagamento

**MATERIAL NON INVENTARIABLE**

- Facturas emitidas entre o 1.9.2024 e o 31.12.2024 e xustificantes do seu pagamento  
 Facturas emitidas entre o 1.1.2025 e o 30.6.2025 e xustificantes do seu pagamento

**MATERIAL INVENTARIABLE**

- Facturas emitidas entre o 1.9.2024 e o 31.12.2024 e xustificantes do seu pagamento  
 Facturas emitidas entre o 1.1.2025 e o 30.6.2025 e xustificantes do seu pagamento



**XUNTA  
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL****ANEXO II  
(continuación)****INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Secretaría Xeral Técnica.
Finalidades do tratamento	Os datos persoais facilitados neste formulario serán tratados coa finalidade de xestionar as axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá e o exercicio da función educativa e orientadora.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación integral e resolución dos seus procedementos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 